

INFORME DA SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA AO PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES E OS CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DOS REGULAMENTOS ELECTORAIS QUE DEBEN REXER A REALIZACIÓN DOS PROCESOS ELECTORAIS NAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS

En cumprimento do disposto nos artigos 40 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, respecto do *proxecto de decreto polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas*, esta Secretaría Xeral emite o seguinte

INFORME

1.- Marco normativo e competencia.

O Estatuto de autonomía de Galicia aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 27.22, atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia da promoción do deporte e axeitada utilización do ocio.

Ao abeiro desta competencia ditouse a 3/2012, do 2 de abril, do deporte en Galicia, que deroga á Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia, renovando o marco xurídico deportivo de Galicia, sendo o seu obxeto a promoción e a coordinación do deporte na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a ordenación do seu réxime xurídico e a súa organización institucional, de acordo coas competencias que o Estatuto de autonomía e o resto do ordenamento xurídico lle atribúen á Comunidade Autónoma de Galicia. A devandita norma recolle no artigo 5, entre as competencias da Administración autonómica, a de ditar as disposicións regulamentarias de desenvolvemento da mesma.

O artigo 58 da Lei 3/2012, do 2 de abril, prevé que os procesos electorais para a elección dos órganos de goberno das federacións deportivas galegas deberán axustarse ao disposto na normativa que para tal efecto establezca a Administración autonómica.



2.- Necesidade, acerto e oportunidade.

Con este proxecto de decreto preténdese regular os aspectos citados na Lei 3/2012, do 2 de abril, en relación cos procesos electorais para a elección dos órganos de goberno das federacións deportivas galegas, derogando a regulación anterior contida na Orde do 8 de setembro de 2010, pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.

Tal como se sinala na memoria xustificativa, a necesidade da norma ven dada por unha razón de interese xeral, sendo necesario aprobar as bases reguladoras dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, de xeito que todas as federacións contén cun marco electoral uniforme para a renovación dos seus órganos de goberno, e dítase ao abeiro do artigo 58 da Lei 3/2012, do 2 de abril, que prevé que as federacións deportivas galegas desenvolverán os procesos electorais para a elección dos seus órganos de goberno e de representación de acordo cos seus respectivos regulamentos electorais, que deberán axustarse ao disposto na normativa que para tal efecto estableza a administración autonómica.

Dispónse tamén no apartado 6 do artigo 58 que o mandato dos membros da asemblea xeral e da presidencia das federacións deportivas galegas fora de catro anos, período que se establece con carácter xeral para a renovación dos órganos de goberno colexiados, e establece a previsión de que esa renovación deberá levarse a cabo nos anos nos que teñan lugar os Xogos Olímpicos de Inverno.

Tendo en conta o anterior, e dado que no ano 2018 terán lugar as eleccións aos órganos de goberno das federacións, é preciso a publicación da presente disposición adaptada á nova realidade normativa, que garanta o exercicio pleno dos dereitos electorais por todos os estamentos que conforman as federacións e ampare estes procesos electorais no ano 2018 e nos seguintes anos establecendo unha serie de dereitos, deberes, requisitos e condicións no desenvolvemento dos mesmo, que permita unha participación plena e igual.

3.- Contido e estrutura.

O proxecto de decreto polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas estrutúrase en doce capítulos, cun total de 54 artigos, cinco disposicións adicionais, dúas disposicións derogatorias e dúas disposicións derradeiras.

O capítulo I. Disposicións xerais. Recolle o obxecto e ámbito de aplicación.

O Capítulo II. Dos órganos electorais. Regula os órganos das federacións que interveñen no proceso electoral e estrutúrase en dúas seccións relativas á Comisión xestora da federación, como órgano encargado de administrar e xestionar a federación durante o proceso electoral e á Xunta electoral, como órgano de ordenación e control das eleccións.

O Capítulo III. Das persoas electores e elixibles. Establece as condicións para ser elector e elixible para a asemblea xeral e para a presidencia da federación e a comisión delegada.

O Capítulo IV. Dos censos electorais. Establece tres clases de censos e o seu contido: provisional, definitivo e inicial, que permite corrixir posibles fallos, reducindo as posibles reclamacións.

O Capítulo V. Do proceso electoral. Estrutúrase en cinco seccións relativas á convocatoria do proceso, regulamento electoral, calendario electoral, circunscricións electorais e campaña electoral.

O capítulo VI. Das mesas electorais. Prevé tres tipos de mesa: a mesa electoral para a votación a persoas candidatas á asemblea xeral, a mesa electoral de voto por correo, común a tódalas federacións e con sede na Secretaría Xeral para o Deporte e a mesa electoral para a votación á presidencia da federación. Finalmente regula as actas das mesas electorais.

O Capítulo VII. Do sistema de elección a membros da asemblea xeral. Establécese o sistema de votación de listaxes abertas e régulase a composición da asemblea xeral, as candidaturas e a proclamación de membros da asemblea xeral. Como novidade respecto da normativa anterior, resérvase unha porcentaxe do 10% aos deportistas galegos de alto nivel na composición da asemblea xeral.

O Capítulo VIII. Da elección da presidencia da federación. Regula a elección á presidencia da



federación, establecendo que poderán ser candidatos aqueles que presenten avais do 10% dos membros da asemblea xeral.

O Capítulo IX. Da xornada electoral. Regula o exercicio do voto presencial, establecendo as condicións e as formalidades que se deben cumprir no desenvolvemento da xornada electoral, constitución das mesas electorais, votacións e escrutinio, e o voto por correspondencia.

O Capítulo X. Da moción de censura. Establece os requisitos aos que debe axustarse a presentación dunha moción de censura contra a persoa que ocupe a presidencia dunha federación deportiva.

O Capítulo XI. Da comisión delegada. Prevé a existencia de regulación expresa no regulamento electoral do sistema de elección dos membros deste órgano no caso de estar previsto nos estatutos.

O Capítulo XII. Do réxime de reclamacións e recursos. Establece, en materia electoral, o réxime de reclamacións perante a xunta electoral e recursos perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

As disposicións adicionais establecen como período inhábil para eleccións o mes de agosto, a incompatibilidade de celebración de eleccións e competicións, o uso de medios electrónicos para as sesións da xunta electoral e as interpretacións e excepcións que corresponde aprobar á Secretaría Xeral para o Deporte.

As disposicións derogatorias recollen tanto a derogación expresa da regulación anterior como unha cláusula xeral de salvagarda.

Conta con dúas disposicións derradeiras, que regulan a habilitación normativa e a entrada en vigor do decreto aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

4.- Tramitación.

A tramitación do proxecto, que figura incluído no Plan anual normativo, aprobado por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24/05/2017, realizouse de conformidade co establecido no artigo 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Consta no expediente a documentación xustificativa do cumprimento dos seguintes trámites:



- Certificado trámite consulta previa
- Acordo de inicio, do 21/08/2017
- Táboa de vixencias e derogacións do 21/08/2017
- Memoria xustificativa do 05/09/2017
- Memoria económico financeira do 05/09/2017
- Informe do Servizo de Apoio Técnico do 08/09/2017
- Aprobación inicial do proxecto do 08/09/2017
- Certificado publicación no Portal de Transparencia e Goberno aberto
- Certificado trámite alegacións ás federacións deportivas galegas
- Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos do 07/11/2017, favorable
- Informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade do 15/11/2017, e tivéronse en conta as súas observacións.
- Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa do 08/11/2017, favorable
- Informe da Asesoría Xurídica Xeral do 28/12/2017
- Memoria da Secretaría Xeral para o Deporte do 09/01/2018 da valoración e tratamento dado ás alegacións recibidas e xustificativa da incorporación das modificacións realizadas como consecuencia das observacións dos informes recadados.

En virtude do exposto, emítese o presente informe de conformidade cos artigos 40.4 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, e procede solicitar o ditame do Consello Consultivo de Galicia por tratarse dun proxecto de regulamento executivo, tal como se sinala no informe da Asesoría Xurídica, respecto do cal resulta preceptivo o referido ditame, segundo do disposto no artigo 12.c) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Santiago de Compostela, a 11 de xaneiro de 2018

O secretario xeral da Presidencia

Manuel Galdo Pérez

